

A FUSIÓN DAS SOCIEDADES COOPERATIVAS

(Lei de cooperativas de Galicia - Artigos do 75 ao 82)

A integración de cooperativas pode realizarse mediante dous procedementos:

Fusión por absorción

A absorción dunha ou máis cooperativas por outra xa existente



Fusión pura ou propia

A fusión de varias cooperativas para constituír unha nova



*As sociedades laborais e as sociedades agrarias de transformación poden integrarse mediante fusión nunha cooperativa, sempre que non exista norma que o prohiba expresamente.



Fase previa



Redacción do proxecto de fusión e convenio previo

Tras a negociación entre as cooperativas, os consellos reitores redactarán o proxecto común de fusión, como convenio previo que recolle a información esencial da operación. O seu contido mínimo recóllese no artigo 76 da Lei de Cooperativas (1).

Fase decisoria



Acordo de fusión adoptado en asemblea xeral

O acordo de fusión deberá ser adoptado en asemblea xeral por cada unha das sociedades que se fusionan. Teranse que cumprir as seguintes condicións:

- ✓ A convocatoria da asemblea xeral deberá incluír mencións mínimas sobre o proxecto de fusión e facer constar o dereito dos socios a examinar no domicilio social ou recibir gratuitamente os documentos que se sinalan no artigo 77 da Lei de Cooperativas (2).
- ✓ O acordo de fusión deberá adoptarse no prazo de 6 meses desde o convenio previo, se non, o proxecto quedaría sen efecto.
- ✓ O acordo de fusión deberá aprobar, sen modificacións, o proxecto de fusión.



Efectos do acordo

Unha vez aprobado o proxecto pola asemblea xeral de cada unha das cooperativas, todas están obrigadas a continuar o procedemento de fusión.

As persoas socias que votasen en contra ou as que non asistisen á asemblea pero expresen a súa desconformidade por escrito terán dereito a separarse da cooperativa, no prazo de 2 meses desde a publicación do último dos anuncios do acordo de fusión. Esta baixa entenderase xustificada.



Publicación do acordo

O acordo de fusión adoptado polas cooperativas publicárase no DOG e nun dos diarios de maior circulación da provincia na que teña o domicilio social cada unha delas.

No anuncio do acordo de fusión deberá mencionarse o dereito de oposición dos acredores.

Fase executoria



Formalización do acordo de fusión

A fusión non se poderá formalizar antes de que transcorra un mes dende a data de publicación dos anuncios. Se neste prazo algún acreedor ordinario se opuxese por escrito á fusión, esta non poderá levarse a efecto se os seus créditos non son enteiramente satisfeitos ou se a sociedade debedora ou a resultante da fusión non conta con garantía suficiente.

A formalización dos acordos de fusión farase mediante escritura pública única, na que constará o acordo aprobado polas respectivas asembleas xerais das sociedades que se unen, cos requisitos e documentación recollidos no artigo 82 da Lei de Cooperativas e no artigo 55 do Regulamento do Rexistro de Cooperativas (3).



Inscripción rexistral

A solicitude de inscrición deberá presentarse acompañada dunha copia autorizada e outra simple da escritura de fusión xunto coa documentación recollida no artigo 54 do Regulamento do Rexistro de Cooperativas (4).



Efectos da transformación

A fusión produce a extinción das sociedades que participan na operación, agás a da absorbente se se trata dunha fusión por absorción.

As persoas socias das sociedades participantes pasan a ser socias da resultante, subrogándose nos dereitos e obrigacións das sociedades disoltas.

Todo o patrimonio das sociedades participantes transmítese en bloque por sucesión universal á sociedade resultante, pasando tamén os fondos sociais obrigatorios das sociedades disoltas a integrarse nos da sociedade cooperativa nova ou absorbente.



1 Contido mínimo do proxecto de fusión:

- ✓ Datos das cooperativas que participan na fusión: denominación, clase, domicilio e datos rexistrais.
- ✓ Sistema para fixar a contía que se lle recoñece a cada persoa socia como achega ao capital da cooperativa resultante.
- ✓ Dereitos e obrigas que se lles recoñezan ás persoas socias na cooperativa resultante.
- ✓ Data a partir da que as operacións das cooperativas que se extingan haberán de considerarse realizadas por conta da cooperativa resultante.
- ✓ Dereitos que, se é o caso, se lles recoñezan na cooperativa resultante ás persoas posuidoras de títulos das sociedades que se extingan.

2 Documentos que deben poñerse a disposición das persoas socias coa convocatoria das asembleas xerais:

- ✓ Proxecto de fusión.
- ✓ Informe do consello reitor de cada unha das cooperativas sobre a conveniencia e os efectos da fusión.
- ✓ Balance, conta de perdas e ganancias e memoria explicativa dos tres últimos exercicios das sociedades que participan na fusión, xunto cos correspondentes informes do órgano de intervención, e a auditoría de contas, se é o caso.
- ✓ Balance de fusión de cada unha das sociedades, cando sexa distinto do último balance anual aprobado (deberá elaborarse un novo balance cando na data da Asemblea transcorresen máis de seis meses desde o último balance anual).
- ✓ Proxecto de estatutos da nova sociedade ou modificacións dos estatutos da sociedade absorbente.
- ✓ Estatutos vixentes das sociedades que participan na fusión.
- ✓ Datos identificativos das persoas membros dos órganos de administración das sociedades que se fusionan e data desde a que desempeñan os seus cargos, así como os das persoas que se propoñen para desempeñar cargos nos órganos sociais da sociedade resultante.

3 Contido mínimo da escritura pública de transformación:

- ✓ Certificación dos acordos de fusión adoptados polas asembleas xerais das sociedades que se fusionan, acreditando o cumprimento dos requisitos dos artigos 76, 77 e 78 da Lei de Cooperativas de Galicia.
- ✓ Proxecto de fusión aprobado.
- ✓ Balance de fusión das sociedades que se extinguen.
- ✓ Declaración das persoas que outorguen a escritura sobre a inexistencia de oposición dos acredores ou, se é o caso, a identidade dos que se opuxeran, o importe do seu crédito, o seu aboamento ou as garantías que prestou a cooperativa.
- ✓ Se mediante a fusión se crease unha nova sociedade, as mencións exixidas no artigo 16 da Lei de Cooperativas de Galicia para a inscrición de constitución de cooperativas.
- ✓ Se a fusión fose por absorción, modificacións estatutarias acordadas pola sociedade absorbente.

4 Documentación que debe acompañar a solicitude de inscrición rexistral:

- ✓ Acreditación da publicación do anuncio do acordo de fusión de cada unha das cooperativas participantes.
- ✓ Cando algunha das cooperativas participantes non figure inscrita no Rexistro de Cooperativas de Galicia:
 - ✓ Certificación literal dos asentos rexistrais que deban quedar vixentes.
 - ✓ Copia dilixenciada do expediente rexistral.
 - ✓ Declaración respecto da inexistencia de obstáculos rexistrais para a fusión.
- ✓ Se na fusión participan sociedades laborais ou sociedades agrarias de transformación, deberase acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos pola lexislación aplicable a estas.